

ACTA NÚMERO 4/2017
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 27.07.2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González González

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 25.05.2017.-
- 2- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-
- 3- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO. CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CABALEIROS E CASTENDA.-
- 4- RATIFICACION DO CONVENIO PARA CREACION MELLORA E AMPLIACION DE SERVIZOS LOCAIS BASICOS. RUTAS DE SENDEIRISMO.-

- 5- DAR CONTA E RATIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCION DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS.-
- 6- PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018. RATIFICACION.-
- 7- MOCIONS.-
- 8- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 9- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 25.05.2017.-

Aberta a sesión polo señor alcalde pregúntalle aos señores concelleiros se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25.05.2017.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE (Carlos García) que acaba de recibir a acta e reitera o dito en todos os plenos.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-

O señor alcalde interven manifestando que os decretos encontraranse na secretaria e a partir de agora van estar colgados na páxina web do concello, non se realizarán copias de todos pero si se facilitará toda a información deseada polos concelleiros nas dependencias municipais.

O señor alcalde dirixese a concelleira do BNG (Pilar García) preguntandolle si se lle negou algunha vez información ao que a concelleira responde NO, o señor alcalde pide que conste en acta o manifestado pola concelleira, procedendo a lectura dos títulos dos decretos, e reiterando que se van a

subir a páxina web e que se poden consultar en todo momento unido ao correspondente expediente.

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO. CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CABALEIROS E CASTENDA.-

Elaborado pola empresa PROCAT Ingeniería y Medio Ambiente, S.L., o inventario de Camiños Municipais de Cabaleiros (San Xian) e Castenda da Torre (Santa María), polo señor alcalde PROPONSE:

1º Aprobación inicial deste inventario

2º Expoñer ao público

Interven o señor alcalde explicando a necesidade de actualizar o inventario polas deficiencias que existían e a necesidade para pedir subvencións.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE (Carlos García) preguntando sobre si son novos, si están en desuso, se é unha actualización, si nunca se inventariaron, e puntualiza que non ten documento.

O señor alcalde manifesta que ata agora era catastro o referente, pero dadas as deficiencias do catastro, encargouse o traballo a esta empresa e agora é para expoñelo ao público e para ver si hai algún erro, e para logo proceder a súa ratificación e poder aprobar definitivamente.

Sométese a votación a aprobación inicial e a exposición pública, e votan a favor 8 PP; en contra:2 PSdeG-PSOE motivando o seu voto por non ter o documento e abstense:1 BNG.

4.- RATIFICACION DO CONVENIO PARA CREACION MELLORA E AMPLIACION DE SERVICIOS LOCAIS BASICOS. RUTAS DE SENDEIRISMO.-

O señor alcalde explica que con motivo das conversas mantidas coa Subdirectora xeral de xestión e cooperación económica coas EELL para a tramitación dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia destinado a creación, mellora ou ampliación de servizos básicos.

Para o citado convenio se solicitou unha memoria que incluía unhas Rutas de Sendeirismo para a recuperación do espacio degradado e supón unha importante mellora na conservación dos montes e espazos naturais do termo municipal, así como na prevención de incendios forestais.

Por todo o exposto PROPOÑO:

A ratificación da solicitude aprobada na Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 06.07.2017 para a sinatura do convenio para a creación e mellora e ampliación de servizos locais básicos para a obra Rutas de sendeirismo.

Interven o señor alcalde explicando o contido do expediente da obra e o presuposto.

Os concelleiros asistentes danse por enterados.

5.- DAR CONTA E RATIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCION DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS.-

O señor alcalde da conta ao convenio de colaboración que literalmente di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES DO DOLMEN DE CABALEIROS.-

Na Coruña a ____de_____de 2017

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada polo número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutro Don Antonio Pereiro Liñares Alcalde - Presidente do Concello de Tordoia

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación e posta en valor do Dolmen de Cabaleiros.

2.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración necesarias, para a posta en valor deste conxunto arquitectónico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia acordan subscribirse o presente convenio, según as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXETO

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Tordoia, CIF: P-1508500-D por medio do cal a Deputación provincial da Coruña encomenda ao Concello de Tordoia, o servizo de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros:

- Dar uso turístico ao Dolmen de Cabaleiros dentro dunha estratexia municipal e provincial.
- Impulsar o uso educativo e didáctico do Dolmen.
- Implicar á poboación local na posta en valor dos edificios e conectalo coa realidade da contorna

NOME	SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES NO DOLMEN DE CABALEIROS
TEMPORALIZACIÓN	De 30 de xullo a 25 de setembro de 2017
ACTIVIDADES	
Atención ao visitante	Consiste en atender ao visitante durante a súa visita, e dar servizos anteriores e posteriores, se demandaran.
Comunicación e promoción	Accións de divulgación, comunicación e promoción destinadas a diferentes públicos e empregando diversidade de ferramentas.

SEGUNDA: OBRIGACIÓNS DO CONCELLO DE TORDOIA

ACTIVIDADE DE ATENCIÓN AO VISITANTE:

Obxetivos:

- Facilita-la visita do recinto colaborando en todo o que sexa posible para que poidan realiza-la nas mellores condicións, prestando os servizos de guía, monitorado ou similares.
- Facilitar ós visitantes folletos e información turística e cultural sobre o Dolmen de Cabaleiros e o seu entorno (Comarca de Ordes).

- Prestar servizos a grupos de visitantes.

-Controla-lo adecuado tránsito polo inmovible e establecer circuitos.

A información debe terse preparada, cando menos, en galego, castelán e inglés e a persoa que atenda aos visitantes debe saber dar unha explicación do conxunto nestes tres idiomas.

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN:

Obxectivos:

- Dar a coñecer o Dolmen de Cabaleiros como recurso turístico de Tordoia e de toda a Comarca de Ordes.

1

- Levar a cabo unha labor didáctica sobre escolares, para que poidan visitar o Dolmen e con a poboación local e os visitantes, e fagan unha labor de divulgación deste recurso.

- Trátase de divulgar este recurso e os seus contidos con diferentes ferramentas:

- Web do Concello de Tordoia, e redes sociais
- Prensa e medios de comunicación
- Material impreso
- Mailings

- As accións de divulgación e comunicación teñen os seguintes públicos obxectivos:

- Profesionais de hostelería de Tordoia
- Poboación de Tordoia
- Profesionais de hostelería de Tordoia e comarca, e limítrofes
- Puntos de información turística e museos
- Centros educativos da provincia e asociacións
- Axencias de viaxes

Para cada un deles é necesario deseñar unha estratexia de comunicación diferente.

Horarios e temporización:

Inicio do servizo	30 de xullo de 2017
Entre o 30 de xullo ata o 25 de setembro	Atención dende o 30 de xullo ata o 25 de setembro, ambos incluídos Días: sábados, domingos e festivos Horario: 8 horas diarias distribuídas a criterio do concello

Organización:

O responsable da organización é a Alcaldía, co apoio técnico dos departamentos de Emprego e Desenvolvemento Local e Cultural.

O Concello colaborará co persoal municipal no desenvolvemento de todas as actividades complementarias ao servizo de Atención ao visitante, mediante a organización de charlas, xornadas temáticas Todo isto co obxectivo de converter o Dolmen de Cabaleiros nun punto de atención e cultural de referencia.

TERCEIRA: DISPOSICIÓN COMÚN

O Concello de Tordoia fará constar en todos os programas, folletos e carteis, etc., a financiación da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTA: OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación provincial da Coruña abonará ao Concello de Tordoia a cantidade de 2.280,00€ en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao Dolmen de Cabaleiros

durante o período comprendido entre o 30 de xullo de 2017 ata o 25 de setembro de 2017, con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3362/22609.

QUINTA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

Efectuaranse mediante pagos mensuais por períodos vencidos, polo importe proporcional correspondente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gasotos expedida polo Sr. Secretario co Vº e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito ao servizo e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización. Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Tordoia deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social. Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

SEXTA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Dolmen de Cabaleiros deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación.

SÉTIMA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACION

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

OITAVA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondo percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

NOVENA: VIXENCIA

O presente convenio terá unha vixencia ata o 25 de novembro de 2017, sendo imputables os gastos devengados entre o 30 de xullo e o 25 de setembro de 2017, tendo que estar xustificadas antes do 25 de outubro de 2017.

O prazo de xustificación do convenio podería prorrogarse por causas debidamente xustificadas.

DÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa

aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o ____ de ____ de 2017.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D. O ALCALDE-PRESIDENTE CONCELLO DE TORDOIA
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Asdo.: Xesús Soto Vivero

Asdo.: Antonio Pereiro Liñares

Uha vez visto o convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Tordoia para a atención de visitantes do Dolmen de Cabaleiros o señor alcalde **PROPÓN:**

1º solicitar unha subvención a Exma. Deputación Provincial de A Coruña para dar cobertura ao convenio.-

2º aprobar o proxecto elaborado polo técnico de emprego en data 12 de decembro.-

3º aprobar o orzamento do proxecto por valor de 2280,00€.-

4º Designar como responsable do proxecot ante a Deputación de A Coruña ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares, e como responsable administrativo ao técnico de emprego don Carlos Luis Sieira Romero.

5º Acreditar que existe dispoñibilidade para financiar a parte que non cubra a axuda da Deputación Provincial de A Coruña caso de que o custo do proxecto sexa superior.

Os concelleiros asistentes danse por enterados.

6.- PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018. RATIFICACION.-

O señor alcalde da conta do acordo tomado na Xunta de Goberno Local do 08.06.2017 e propón a ratificación que literalmente dí como segue:

“Unha vez vista a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, publicada no DOG nº 102 do mércores, 31 de maio de 2017.

A asignación total concedida a este concello é de 65.123€ repartida para as anualidades 2017-2018.

- Anualidade 2017: 32.561,50€

- Anualidade 2018: 32.561,50€

Por todo o exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

- Solicitar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que se inclua dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, a seguinte actuación: CAMIÑO PIÑEIRO - CAMPO DE FÚTBOL DE VILADOABADE E OUTROS.

- Nomear a D. Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para actuar como representante deste Concello ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

- A posta en disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.

- Asumir unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.

- Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.

- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.

- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

- Que segundo obra na documentación deste Concello, dispense dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto das obras incluídas no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.
- Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística.
- Declarar que non se solicitaron nin en consecuencia se recibiu ningunha outra axuda para este proxecto.
- Este concello ten presentada a última rendición de contas legalmente esixible en prazo e forma regulamentarios."

Sométese a votación e votan a favor 8 PP, e absteñense 2PSdeG-PSOE e 1 BNG porque non coñecen o contido do expediente.

Por todo o exposto queda **aprobada e ratificada a proposta da alcaldía tal como segue:**

Unha vez vista a Resolución do 18 de maio de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, publicada no DOG nº 102 do mércores, 31 de maio de 2017.

A asignación total concedida a este concello é de 65.123€ repartida para as anualidades 2017-2018.

- Anualidade 2017: 32.561,50€
- Anualidade 2018: 32.561,50€

Por todo o exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

- Solicitar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) que se inclua dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, a seguinte actuación: CAMIÑO PIÑEIRO - CAMPO DE FÚTBOL DE VILADOABADE E OUTROS.

- Nomear a D. Antonio Pereiro Liñares, en calidade de Alcalde como persoa designada para actuar como representante deste Concello ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- A posta en disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.
- Asumir unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa de que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.
- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

- Que segundo obra na documentación deste Concello, dispónse dos terreos necesarios para a execución das obras inherentes ao proxecto das obras incluídas no Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.
- Que o proxecto cumpre coa normativa vixente en materia urbanística.
- Declarar que non se solicitaron nin en consecuencia se recibiu ningunha outra axuda para este proxecto.
- Este concello ten presentada a última rendición de contas legalmente esixible en prazo e forma regulamentarios.

7.- MOCIONS.-

A concelleira do BNG (Pilar García) presenta unha moción pero queda sobre da mesa por falta de datos.

8.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa do seguinte:

- Procede o señor alcalde a dar lectura do informe realizado pola Alcaldía para o expediente de limpeza e plantación forestal do antigo campo de fútbol de Viladoabade, que literalmente dí como segue:

"Primeiro.-Dada a existencia de propiedades municipais que están a inculto, e á necesidade de poñer en valor os bens públicos, e dado o feito de que o antigo campo de fútbol de Viladoabade e o seu entorno, se atopaban en situación de desuso e total abandono, presentado incluso numerosos verquidos incontrolados, plantexouse acometer unha plantación forestal da citada parcela aos efectos de obter unha rendabilidade económica para o Concello, que sería destinada á parroquia de Viladabade.

Por este motivo se acordou por providencia de alcaldía, o 15 de maio de 2017, solicitar orzamento a limpeza e plantación forestal da parcela descrita.

Convén recordar que esta actuación se adopta porque según documental obrante no expediente, esta parcela é de titularidade municipal deste a década dos 60, figurando no inventario municipal de bens, sendo adquirida por adxudicación da administración competente na concentración parcelaria da zona e como tal aparece inscrita no Rexistro de Propiedade de Ordes.

Segundo.-Unha vez que se dispoñía de orzamento para o investimento acordouse, en Xunta de Goberno Local de 30 de maio de 2017, a limpeza do antigo campo de fútbol de Viladoabade e do seu entorno, que estaba en situación de total abandono, presentando incluso numerosos verquidos incontrolados, así como a plantación forestal do mesmo aos efectos de obter unha rendabilidade económica para o Concello, que sería destinada á parroquia de Viladoabade.

Esta acordo estivo presidido en todo momento pola busca dun interese xeral, tal é a posta en valor dun ben de dominio público que se atopaba en situación de abandono. O investimento total foi de 2.214,78euros e foi contratado a Excavaciones Suárez.

O expediente da finca "Alto de Señarís" (finca nº 1.362 do Plano de Concentración), que recentemente foi repoboada, poden vostedes velo na Secretaría deste concello en horario de oficina os días 28 e 31 deste mes."

O señor alcalde pide que conste en acta o informe e da unha explicación do expediente, enseñando dúas fotos de como estaba a parcela antes de ser plantada.

- Agora o señor alcalde informa sobre o Punto de Atención a Infancia.

-Tamén informa sobre o arreglo da carretara da Tablilla -Agros do Mestre que se aprobou no día de hoxe na Deputación Provincial da Coruña.

-Tamén informa que vai o mesmo pleno o tramo da Pontecativa.

- E tamén informa que está en marcha a nova ponte da Taboada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O señor alcalde interven preguntando si algún dos concelleiros asistentes quere formular algún rogo ou pregunta.

Interven a concelleira do BNG (Pilar García):

1º preguntando polo parque infantil, sobre as colillas, pregunta pola limpeza. O señor alcalde toma nota.

2º Tamén pregunta polas beirarruas na Pontepedra, cal é a obra?

3º Sinalización dos rueiros, volvese a xente un pouco loca polo caos na sinalización actualizada.

4º Drenaxe no regato do Xunqueira, non sabe a que se refire. O señor alcalde dille que é o "xunqueira" de Pontecativa.

Agora intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE (Carlos García):

1º Di que lle informaron que había problemas co deslinde co Concello de Coristanco, e quere saber qué ten que decirlle sobre esto.

Interven o señor alcalde decindo que hai un deslinde dos anos 60 e non lle consta ningún problema, no Concello non se presentou nada.

No seu día enviouse o Plan Xeral a todos os terminos municipais colindantes, para a aprobación.

É un deslindo anos 40/60 co monte de Anxeriz.

Pregunta polo Plan Xeral de Ordenación Municipal

2º Pregunta pola Xunta de Goberno Local do 30 de maio onde aparece aprobación de eucaliptos no Croto, onde é?, o señor alcalde respondelle que

esta xunto o campo de fútbol, interven o Concelleiro do PSdeG-PSOE, decindo que quere acceder ao pago da madeira que habrá nese lugar onde se repoblou. Tamén pregunta ubicación da finca do "Xeixo", e o señor alcalde respondelle que está en Anxeriz.

3ºDi que se baralla a posibilidade de poñer unha secretaria súa no concello, di que as Xuntas de Goberno Local ten que velas.

O señor alcalde pide que conste en acta que poden vir a velas actas cando queiran ao concello.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 12:30 horas do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,